

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 7 DE ABRIL DE 2026**

**PRESIDENTA:**

D<sup>a</sup> Diana Piñeiro Fernández

**ASISTENTES:**

D. Rubén Vázquez Pérez  
D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán  
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez  
D. Raúl Varela Fraguio  
D. Manuel Castro Uzal

**INTERVENTORA ACCIDENTAL:**

D<sup>a</sup> Sonia Machín Herranz

**SECRETARIA XERAL:**

D<sup>a</sup>. Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas e un minuto do día sete de abril do ano dous mil vinte e seis, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D<sup>a</sup>. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora accidental, D<sup>a</sup> Sonia Machín Herranz e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.c) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 31 DE MARZO DE 2026**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 31 de marzo de 2026, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 31 de marzo de 2026.

### **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, Orde de 25 de marzo de 2026, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a

concellos de Galicia para o ano 2026, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (código de procedemento PR486A). DOG número 61, de 01-04-2026.

- Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, Orde de 18 de marzo de 2026, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento PL400A). DOG número 63, de 07-04-2026.

### **3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 27 de marzo de 2026 ao 31 de marzo de 2026, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 255/2026 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 274/2026, segundo se relacionan a continuación:

| Nº decreto | Data sinatura | Asunto   |
|------------|---------------|--|
| 255/2026   | 27-03-2026    | Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para adoptar o acordo de non dividir en lotes o investimento obxecto do seguinte proxecto que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 4b/2025 Proxecto técnico de mellora da pista polideportiva de O Temple   |
| 256/2026   | 27-03-2026    | Comparecer no procedemento contra a desestimación presunta por silencio administrativo das solicitudes presentadas os días 05 e 19 de marzo de 2025, PLC, JLLB, ALB, M <sup>a</sup> TSC, ALS e ILS denunciando o convenio urbanístico suscrito co Concello de Cambre e solicitando a desocupación da finca e o pagamento da débeda existente, perante o Xulgado Contencioso-Administrativo número 2 da Coruña, exercitando este concello o seu dereito á defensa como parte demandada e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial |
| 257/2026   | 27-03-2026    | Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 10.03.2026, tendo en conta o informe emitido polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino con data 18.03.2026. Aprobar as facturas por importe total de 3.141,66 euros  |
| 258/2026   | 27-03-2026    | Ratificar a resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 227/2026, do 16 de marzo, e, polo tanto, autorizar, dispoñer, recoñecer e liquidar obrigas por importe de 3867,45 euros en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios a BIS técnica de xestión de administración xeral do Concello de Culleredo, en virtude do convenio interadministrativo de colaboración en materia de recursos humanos suscrito entre o Concello de Cambre e o Concello de Culleredo o 16 de outubro de 2025                    |

|          |            |  |
|----------|------------|--|
| 260/2026 | 27-03-2026 | Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 31 de marzo de 2026  |
| 261/2026 | 30-03-2026 | Dar acceso a MYDB ao expediente correspondente ao contrato menor de servizos para a comparecencia do Concello de Cambre como acusación particular nas dilixencias previas procedemento abreviado que se seguen no Xulgado de Instrucción número 3 da Coruña e nas dilixencias previas procedemento abreviado que se seguen no Xulgado de Instrucción número 5 da Coruña  |
| 262/2026 | 30-03-2026 | Dar acceso a DMC ao expediente correspondente ao contrato menor de servizos para a comparecencia do Concello de Cambre como acusación particular nas dilixencias previas procedemento abreviado que se seguen no Xulgado de Instrucción número 3 da Coruña e nas dilixencias previas procedemento abreviado que se seguen no Xulgado de Instrucción número 5 da Coruña   |
| 263/2026 | 30-03-2026 | Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 06.03.2026, tendo en conta os informes emitidos polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino de data 16.03.2026 e 18.03.2026. Aprobar as facturas por un importe total de 138.240,24 euros  |
| 264/2026 | 30-03-2026 | Conceder a licenza para o construción dunha nave industrial sen uso a situar na rúa Daimler do Polígono Industrial "Espíritu Santo" – Cecebre. Solicitante: FJCG   |
| 265/2026 | 30-03-2026 | Revogar, con efectos 1 de xaneiro de 2026, a bonificación (Tarifa 1.B) na cota da taxa por subministración de auga potable concedida no seu día, por mor de non ter achegado a renovación do seu título de familia numerosa no prazo establecido na ordenanza fiscal núm. 15 (antes do 28 de febreiro de cada ano), e constar como caducado o dito título na documentación dispoñible nos servizos económicos municipais. Desestimar as solicitudes relacionadas por presentarse fóra de prazo |
| 266/2026 | 30-03-2026 | Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 4/2026 por un importe de 40.000,00 euros   |
| 267/2026 | 30-03-2026 | Solicitar á Consellería de Política Social e Igualdade a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, sendo o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral do anexo V, de 990.966,17 €,   |
| 268/2026 | 30-03-2026 | Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro. Solicitante: SCRdeR   |
| 269/2026 | 30-03-2026 | Considerar desistida a PLF da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 14/01/2026, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento  |
| 270/2026 | 30-03-2026 | Considerar desistida a MdeJCG da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data   |

|          |            |   |
|----------|------------|---|
|          |            | 18/12/2025, por non chegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento  |
| 271/2026 | 30-03-2026 | Considerar desistida a JAV da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 21/01/2026, por non chegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento  |
| 272/2026 | 30-03-2026 | Aprobar a nómina do mes de marzo de 2026 cun importe total de retribucións brutas 300.977,25 euros  |
| 273/2026 | 31-03-2026 | Aprobar o padrón do prezo público por actividades deportivas do Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2025 correspondente ao mes de xuño 2025 por un importe total de 1.267,04 euros  |
| 274/2026 | 31-03-2026 | Aprobar os gastos correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de febreiro de 2026, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes e o seu pagamento por importe total de 83.739,81 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das cotas dos traballadores á Seguridade Social correspondentes ao mes de febreiro de 2026 por importe de 20.880,51 euros |

#### **4.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

#### **5.- ROGOS E PREGUNTAS**

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Castro Uzal quen, unha vez concedido, pregunta se, ao final, os asistentes á festa do maior van a pagar.

A Sra. presidenta intervén e manifesta que este ano, si; que o vindeiro ano hai que cambiar a ordenanza e que o hai que facer con tempo.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e tres minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo